“perspectivista” (pág. 19) o critério identitário proposto pelos nacionalistas galegos, considerando-o dificilmente compatível com «o estudio da literatura galega como un sistema autónomo e autóctono». Em troca, uma das principais defensoras destas posições metodológicas, a professora Dolores Vilavedra (1999: 17), propõe o que ela denomina *criterio sistémico* (isto é, “a consideración da literatura como un conxunto ou rede de elementos interdependentes no que cada un se define fronte ós restantes pola función que desenvolve na antedita rede”) em primeira instância como um método de análise capaz de renovar os estudos literários, «superar o 'textocentrismo'» e «atopar un novo paradigma epistemolóxico, que se pretende empírico e funcional, fronte ó carácter histórico-hermenéutico do paradigma no que tradicionalmente se viñan xerando as teorías literárias» (pp. 16-17). Com esta perspetiva metodológica de orientação sistémica, os trabalhos críticos e historiográficos aquí situados (saídos fundamentalmente do âmbito da USC) pretendem abordar o SLG como uma «institución lexitimamente autónoma» (Vilavedra, 1999: 28), mas também focam entre os seus objetivos “*integrar* outros [critérios] coma o filolóxico ou mesmo parcialmente o [...] denominado 'perspectivista’”, que nos vimos identificando como identitário (Vilavedra, 1999: 21; itálico noso).

Comecemos então por analizar a cuestión da referida **integração dos critérios** filolóxico e identitário no alegado “criterio sistémico” através dos argumentos com que Dolores Vilavedra (1999: 20-21) sustenta a consideração do que parece ser também um novo critério normativo como «moi axeitado para matizar o filolóxico á hora de delimitar o campo de estudio do que aquí estamos a denominar 'literatura galega'»:

En primeiro lugar, porque nos permite incluír nel todos aqueles productos literarios de intención estética (é dicir, non mimética)

ditas *universais* mediante un proceso inductivo e esencialista, parco na atención a situacións sistémicas diferenciadas e perigosamente homoxeneizante”.

[...] que se emiten prioritariamente no espacio público galego e que se someten tamén prioritariamente ós mecanismos de distribución (editoriais), avaliación e institucionalización (premios, crítica, etc.) autóctonos. A isto habería que engadir outro requisito: que os produtores e consumidores compartan un mínimo *consenso repertorial* non tanto entendido como suma de coñecementos individuais [...] senón como conxunto de normas estético-literarias colectivamente asumidas (pensemos, por exemplo, nos modelos xenéricos). En segundo lugar, [...] o xa comentado carácter dinámico da noción de sistema permite acoller as ocasionais excepcións ó criterio filolóxico xa mencionadas, e explica perfectamente a ambigua posición de escritores como Manuel Murguía ou José Ángel Valente, [...]. Finalmente, [...], obríganos a non descoirdar a análise do comportamento de instancias coma o lector ou o código lingüístico, que participan dun xeito moi específico na configuración do sistema literario galego como sistema autónomo [itálico noso].

De acordo com a citação recolhida acima, não nos parece incorreto afirmar que da aplicação coerente do chamado “criterio sistémico” *como método de análise* deveria resultar a integração dentro das margens dum sistema literário/ cultural específico (aqui o SLG), num período histórico concreto [aqui 1974-1978], de todos os elementos (produtos, produtores, instituições, consumidores, repertórios e mercado) que conformam uma determinada rede de relações estabelecida de acordo com as normas de diferente natureza por eles total ou parcialmente compartilhadas (aceitação em maior ou menor medida geral de normas que podemos fazer coincidir com o denominado aqui por Vilavedra *consenso repertorial*). Na nossa análise, isto significa que para a correta aplicação das metodologias de base relacional ao estudo de sistemas culturais deficitários quanto ao grau de autonomia e institucionalização (em estádios iniciais de construção ou, em todo o caso, com défices na sua suficiência sistémica), a instabilidade ou a falta de unanimidade normativa verificada nestes sistemas exige,

em primeiro lugar, a fixação, a hierarquização e a determinação do grau de abrangência e centralidade do conjunto das normas (sistémicas ou de repertório) que funcionam em todo ou em parte do espaço social em foco num período delimitado; e, em segundo lugar, a inclusão na análise da rede de relações (e, portanto, no sistema concreto) de todas essas normas e elementos, o que significa incluir como fazendo parte do SLG toda a produção gerada ao amparo de alguma dessas normas, também a produção não escrita em galego quando o critério filológico tal como definido anteriormente para o SLG não é o (único) critério legitimador proposto (como verificámos que acontece no período 1974-1978 para o caso galego).

Deste ponto de vista, as “excepcións ó criterio filolóxico” terán a ver fundamentalmente com o nível de aplicação dum critério complementar que Vilavedra chama aqui *consenso repertorial*, entendido como o «conjunto de normas [...] colectivamente asumidas» num período concreto num determinado sistema ou, por outras palavras, a aplicação do critério filológico não poderá ser apriorística e estará em dependência das leis que explicam o funcionamento do sistema em cada momento.¹³

Desde uma interpretação que se pretende inclusiva das palavras de Vilavedra no que têm de proposta metodológica, a participação dum produtor ou dos seus produtos no SLG guardaria estreita relação com o (re)conhecimento do (e no) próprio sistema e com a aceitação das regras que o regem, assim como com a própria consciência e vontade de participar verificada através das várias tomadas de posição que conformam uma determinada trajetória.¹⁴

13 Vários trabalhos de membros do grupo Galabra sobre estádios diferentes do processo de construção do SLG indicam que as exceções ao critério filológico não são tão “ocasionais” como refere Vilavedra na esclarecedora “Introducción” à *Historia da literatura galega* que comentamos. Por outro lado, o que a professora compostelã chama “consenso repertorial” pode ser identificado com o que a teoria da instituição literária de Peter U. Hohendahl (1989: 34) chama “normativa”, conceito que «refire non aos idiolectos individuais dos autores senón ao conxunto de fórmulas codificadas do sistema literario» (recolhido por González-Millán, 1994b: 16).

14 Achamos que esta ideia geral está expressada mais claramente em Cochón e Vilavedra (1995: 11; itálico nosso): «O primeiro criterio que orientou a selección dos

Neste sentido, convém indicar que, em estreita relação com a consciência da Galiza como entidade cultural diferenciada, também a crítica nacionalista contempla nas suas análises a “consciência literária” (Rodríguez 1996: 9) dos agentes como elemento capaz de perfilar as margens de aplicabilidade do critério filológico como norma sistémica (Rodríguez 1985: 8 e 1996: 7); isto é, a consciência, a vontade ou a expectativa dum produtor de fazer parte dum determinado sistema -confirmadas através da análise da sua trajetória (diremos nós)-, justificaria a sua inclusão no sistema em foco.

Esta confluência entre a crítica nacionalista e a de base relacional leva-nos a abordar a questão ainda pendente da apontada **integração** (dita parcelar) do critério identitário proposto por Francisco Rodríguez no que Dolores Vilavedra denomina “criterio sistémico”. Em princípio, o carácter pretensamente abrangente e totalizador das teorias sistémicas explica que entre os objetivos focados desde esta metodologia esteja necessariamente o estudo das relações de (inter)dependência entre o campo literário e o campo nacional, cujos processos de construção caminham de mãos dadas em sistemas como o galego ao longo de numerosas fases da sua história (nomeadamente nas caracterizadas pela escassa institucionalização política e cultural). De facto, a constatação desta relação dialética entre construção do sistema literário e construção nacional explica por si mesma, numa aplicação coerente das teorias

autores que figuran no volume foi o lingüístico. Así, foron tidos en consideración todos aqueles que teñen cando menos publicada unha obra en lingua galega. Mais este criterio flexibilízase cando se trata dos autores do noso Rexurdimento e Prerrexurdimento: é obvio que a *relevancia do factor lingüístico era percibida daquela como non necesariamente determinante para a configuración do sistema literario galego polos seus membros*» (isto é, nas nossas palabras, que a língua galega não era considerada uma norma sistémica polos participantes na precária rede existente na altura). Por outro lado, parece oportuno explicitar que a participação num sistema contempla a possibilidade tanto de aceitar determinadas regras existentes como de impugná-las total ou parcialmente e tentar impor outras novas; o conceito de *défices projetivos* proposto pelo professor Torres Feijó (2000: 975 e ss) como carências sistémicas «que indicam um vazio que se quer preencher (ou umha presença que se quer substituir), um projecto que se quer realizar», cobra especial rendabilidade neste ponto à hora de explicar determinadas tomadas de posição em função de estados concretos do campo.

de base relacional, a necessidade de «demarcar a función que [para alguns grupos e agentes] cumpren obras e autores na conformación histórica da conciencia nacional”» (Rodríguez, 1990: 19).

De conformidade com o dito acima e com a utilização *como método de análise* do que a professora da USC chama “criterio sistémico”, Vilavedra (1999: 18-19) afirma contemplar o estudo da função jogada pela consciência nacional no processo de construção do sistema literário. Porém, imediatamente a seguir, intervém como agente canonizadora tomando posição na luta metodológica (e ideológica) pelos instrumentos de legitimação que tem lugar no campo da crítica literária galega nos anos noventa e atribui função normativa ao referido como “criterio sistémico”, para negar o carácter hierarquizador que a crítica nacionalista atribui ao critério identitário (Vilavedra, 1999: 18; *itálico nosso*):

Na miña opinión, esta tarefa [o estudo do papel atribuído à conciencia nacional na conformação do sistema literário] entra plenamente dentro das competencias tanto do historiador coma do estudioso da literatura, pero sen embargo *non debe postularse, por razóns evidentes, como criterio de xerarquización artística*.

As “razóns evidentes” alegadas pela professora Vilavedra (1999: 18) para não atribuir ao critério identitário valor hierarquizador têm a ver, por um lado, com que da sua aplicação geral resultaria a marginação do cânone daqueles repertórios aos quais não fosse atribuído valor como conformadores da alegada consciência nacional e, por outro lado, com que instituições ou agentes seriam eventualmente responsáveis da atribuição desse valor e da fixação dos “lindes desa hipotética valencia de 'galegidade'” (quiza a própria crítica nacionalista, responsável pola elaboração do critério...).

Do nosso ponto de vista, nas propostas de Dolores Vilavedra

subjazem problemas de dous tipos na altura de afirmar as vantagens que “o critério sistémico presenta, á hora de delimitar as extremas da literatura galega” (Vilavedra, 1999: 21). Em primeiro lugar, julgamos que existe uma confusão entre a função própria da metodologia (as ferramentas teóricas e procedimentais com as quais o agente investigador se aproxima do objeto de estudo e que possibilitam o conhecimento deste) e a função delimitadora ou hierarquizadora das normas que atuam num determinado sistema num dado momento e que são objeto do estudo do pessoal investigador. Em segundo lugar, esta atribuição de função normativa (própria do objeto analisado) ao instrumento da análise (a metodologia sistémica), não só localiza no mesmo plano a metodologia e o objeto de estudo que esta deve atingir, mas também explica a intervenção como agente canonizador de quem defende no campo os seus próprios instrumentos de legitimação.¹⁵ Como resultado disto, esta representante da crítica dita sistémica não aplica o “critério sistémico” apenas como método interpretativo, mas propõe que este funcione como norma sistémica; ao mesmo tempo, a investigadora atua de facto como agente canonizador, apesar de que o acompanhamento das teorias relacionais de base sistémica e sociológica não passa, entendemos, por *intervir no processo de canonização* para afirmar ou negar a validade de normas concretas (que tenham a função que os diferentes grupos lhe atribuírem no interior do sistema), mas sim pela tomada de consciência da própria função desenvolvida e da posição ocupada em cada momento como agente investigador (não canonizador) e *analisar o campo* em questão para abstrair as regras que atuam num determinado processo de canonização, explicando a função que

15 «In interpreting, evaluating and ranking literary works, they practice at an object level what, in an empirical-theoretical perspective, they are supposed to analyze at a meta-level. In preferring the role of agent of symbolic production to that of analyst of this process, their reflection on principles underlying a relational mode of analysis is almost nil» (van Rees e Dorleijn 2001: 335). Repare-se ainda em que a alegada interferência entre o papel de agente da produção simbólica e o de analista do processo nem se coloca necessariamente no lado da consciência nem da parte exclusiva duma determinada posição crítica; já a feminista Toril Moi (2002: 42) sustentava que nenhuma crítica é “imparcial” e que toda a gente fala duma determinada posição conformada por fatores culturais, sociais, políticos e pessoais.

estas normas desempenham num concreto estágio do mesmo, que grupos ou agentes as propõem ou lhes atribuem valor, com que interesses e objetivos, o grau de unanimidade ou centralidade delas, os problemas que levanta a sua aplicação, etc.

Por outra parte, já referimos que para Vilavedra o principal problema colocado pelas propostas heterónomas de Francisco Rodríguez consiste em que o princípio de hierarquização externa que defende o grupo nacionalista (estabelecido por meio do que vimos chamando até aqui critério identitário) significa subordinar a autonomia do SLG aos interesses defendidos no campo nacional. Não é objeto dum trabalho destas características a valorização da oportunidade ou da eficácia (política, cultural, etc.) dos critérios hierarquizadores propostos pelos vários grupos que atuam no campo da crítica galega após 1978, ainda que sim julgamos conveniente a análise dos seus efeitos para o estudo do sistema e, sobretudo, a sua avaliação como método de análise e aproximação dum determinado objeto de estudo (neste trabalho, em último termo, o processo de construção do SLG para o período 1974-1978). Neste sentido, o principal problema que encontramos nas propostas teóricas e analíticas defendidas por Francisco Rodríguez não tem a ver necessariamente com o submetimento dos interesses políticos aos científicos (são conhecidas as óbvias relações entre ambos os campos, e mais em sistemas emergentes como o galego), mas sobretudo estão em função da resistência deste grupo a aceitar as mudanças nas leis que regem no campo literário (e político) na Galiza autónoma a respeito da Galiza franquista, o que se traduz na aplicação de idênticos métodos de análise e interpretação a realidades sociais que já funcionam de maneira diferente, dando como resultado uma compreensão parcelar (e parcial) do objeto de estudo.

Achamos que uma boa mostra desta falta de adaptação das propostas metodológicas ao estudo da realidade sócio-cultural surgida da transição política no Estado Espanhol é que o corpus teórico e analítico formulado pelo professor Rodríguez nos anos setenta é reproduzido praticamente na sua literalidade até bem

entrada a década de noventa do século passado (vejam-se, neste sentido, a continuidade das ideias já presentes em 1970 nos seus trabalhos de 1979, 1985, 1990 e 1996) e aplicado nos trabalhos desta parte da crítica até a atualidade, facto que reforça a ideia da falta de atualização dos instrumentos analíticos que conduz à insistência numa mesma interpretação para um objeto de estudo configurado já de jeito substancialmente diferente em virtude da função identitária atribuída prioritariamente à literatura.¹⁶

Esta continuidade nos postulados interpretativos da corrente central do nacionalismo galego explica-se em grande medida em função das lutas no interior do campo galeguista¹⁷ entre os grupos partidários do que poderíamos denominar a *resistência sistémica* (com influência considerável até 1982) e os que defendem passar à ofensiva após a consolidação do regime político autonómico e impulsionar (fundamentalmente desde a instituição educativa e o mercado) novos elementos repertorias que aproveitem as oportunidades fornecidas pelo novo estado do campo político e permitam concorrer com o SLE através da promoção, por exemplo, «duma literatura destinada ao público infantil e juvenil ou [d]os denominados subgéneros narrativos, que funcionam em sistemas mais normalizados como uma das posições com maior sucesso entre o público e, portanto, com um mercado maior e economicamente mais rentável» (Rodríguez Fernández 1999: 123). Pela contra,

16 Também as ideias geradas nos anos setenta por este grupo em volta da questão (sócio-)linguística são reproduzidas até a atualidade, constituindo o corpus ideológico central e marcando a praxe do nacionalismo galego neste campo (vejam-se as várias reedições, de 1976 a 1998, do livro também de Francisco Rodríguez *Conflicto lingüístico e ideoloxia na Galiza*). Sobre a reprodução de ideias sem questionar a sua validade para entender um objeto de estudo em mudança pode ser consultado Itamar Even-Zohar (2002), trabalho que o professor de Tel Aviv dedica ao caso galego.

17 Entendemos por galeguismo o «movimento de reivindicação da identidade diferenciada da Galiza com independência do grau de autonomia política proposto para a colectividade galega polos vários grupos ou agentes autoproclamados galeguistas, assi como o processo de fabricaçom de ideias que apoiam e justificam os vários graus desta reivindicaçom. Quando este movimento vise a reinvidicaçom [sic] política da Galiza como ente nacional diferenciado dum referente de oposiçom identificado com o par Castela/Espanha, estaremos falando em *nacionalismo*, umha das várias ideias possíveis de galeguismo» (Samartim, 2005: 10).

chefiados por Francisco Rodríguez, os grupos enquadráveis na *resistência sistémica* entendem que um SLG autónomo (Rodríguez Fernández 1999: 121)

só se poderá alcançar a se eliminar a projecção do sistema literário espanhol na Galiza, a se fortalecerem um conjunto de plataformas institucionais que promovam em especial os produtos literários galegos, unido a uma intervenção dos campos do poder que defenda com exclusividade ao sistema minorizado.

A partir então das apreciações de Rodríguez Fernández (1999: 120 e *ss.*) e em relação com os termos *resistência simbólica* (González-Millán, 1991) e *suficiência sistémica* (Torres Feijó, 2004), entendemos que o referido conceito de *resistência sistémica* abrange as tomadas de posição e as estratégias político-culturais que atribuem ao conjunto dos elementos que participam num sistema periférico em processo de autonomização (de construção da suficiência sistémica) uma função eminentemente defensiva a respeito do referente de oposição. Atuando em virtude duma lógica heterónoma que fará depender o seu programa (regras, materiais, ações, posições...) do contraste e da distinção com o referente de oposição, os grupos e agentes que sustentam esta posição reagem quer contra a incorporação de novos elementos repertoriais (sobre resistência às transferências e à planificação *vid* Even-Zohar 1998) quer contra a promoção e legitimação dos velhos materiais que entendem inapropriados por não cumprirem a função defensiva e distintiva indicada. Em troca, desde as posições de resistência são reivindicados como principais elementos constitutivos e legitimadores a identidade diferenciada da comunidade, o carácter periférico e dependente do sistema próprio, e o valor modelar da tradição e dos materiais por ela consagrados. Estas tomadas de posição e estratégias substanciadas na resistência são verificadas também (no caso galego) com posterioridade a o sistema cultural

experimentar um forte aumento no seu grau de autonomia e institucionalização, sendo executadas por grupos que não reconhecem como *suficiente* a autonomia alcançada em virtude de que (ainda) não foi completado o programa elaborado na anterior situação de (maior) dependência.

Ora, se no pólo da crítica nacionalista verificamos a permanência dos mesmos postulados teóricos para o estudo do SLG em duas fases diferentes na sua configuração (enlaçadas substancialmente pelo período objeto da nossa investigação), na parte das propostas críticas mais viradas para a autonomia do feito literário encontramos, por seu lado, algumas interpretações da literatura como fenómeno eminentemente estético.¹⁸ Neste ponto, o agente que melhor exemplifica a defesa do que, acompanhando a terminologia utilizada até o de agora, poderíamos denominar *critério estético*, Ramón Gutiérrez Izquierdo (2000, *et al* 1991 e 2003), contempla também de maneira secundária o estudo das relações entre o campo literário e os campos do poder, fazendo-o no seu caso do ponto de vista das referências ao “contexto” (entendido este como o conjunto dos elementos extraliterários a que um texto fai referência ou que explicam a produção de determinados textos) e apontando para a existência de «prexuízos» e «reduccionismos» (Gutiérrez Izquierdo 2000: 9) na parte da crítica que fai depender as suas análises de questões externas ao texto literário (como da “vontade” e do “patriotismo”, elementos que indigitam implicitamente o grupo nacionalista); em troca, esta crítica esteticista defende posições claramente situadas a favor de análises internas, *textocêntricas* e, em última instância, também dificilmente objetiváveis (pág. 38):

as suxestións e emocións que suscita unha obra literaria residen nela mesma e na súa dimensión artística, non no coñecemento do

18 Para as questões relacionadas com processos de autonomização e estetização de sistemas literários periféricos podem ser consultados os trabalhos de G. Jusdanis (1991) ou de D. Kiberd (1995).

contexto. [...] A historia da literatura debe procurar estudar as obras en si, destacando os seus valores estéticos, pero tamén debe incluír algunha información sobre o contexto, o que permite un coñecemento máis completo do fenómeno literario e, xa que logo, facilita interpretacións parciais da obra, que enriquecen a súa dimensión plurisignificativa.¹⁹

A presentación deste criterio estético completa a identificación das normas com que a crítica galega posterior a 1978 delimita e hierarquiza os repertórios presentes no SLG no lustro inmediatamente anterior a este ano e permite cotejar estes criterios com os resultados dos trabalhos realizados pela equipa que está a desenvolver o projeto Fisempoga. De acordo com isto podemos concluir afirmando que a identificação feita pela crítica literária do período autonómico do uso da língua galega como única norma sistémica (criterio dito *filológico*) e de duas normas de repertório principais (o criterio *identitário* e, com menor impacto crítico, o *estético*) dificilmente permite explicar o funcionamento do SLG num período, como o comprendido entre 1974-1978 (lapso temporal ao qual se refere a informação levantada do corpus utilizado neste trabalho), caracterizado pola discussão normativa e polos défices na sua aplicação.²⁰ Desta maneira, atribuindo o carácter de norma sistémica unicamente ao criterio filológico

19 Dá para ver que esta proposta minoritária está sustentada em critérios valorativos que descansam preferentemente no «carácter singular da personalidade creadora» (Gutiérrez Izquierdo 2000: 7), no «carácter representativo dos trazos formais e temáticos do xénero ou autor estudado» e na «eficacia estética» (pág. 8) «de obras significativas, vinculadas sempre co contexto e coas peculiares circunstancias que rodearon e rodean a produción en lingua galega, pero sen caer no discurso que reduce o labor dos nosos escritores a unha especie de crónica social ou a un simple exemplo de vontade e patriotismo» (pág. 9).

20 Em trabalhos anteriores referimos já, «por um lado, a discussom do carácter da língua galega como (única) norma sistémica de alguns grupos e agentes actuantes no fim do franquismo [1968-1973] e na transiçom [1974-1978] no SCG [Sistema Cultural Galego] e, por outro lado, a aplicaçom deficitária polos intervinientes neste sistema cultural do pretendido carácter de norma sistémica (défices derivados em grande parte da situaçom política existente sob o regime franquista)» (Cordeiro Rua e Samartim, 2008: 165).

(estabilizado só durante a autonomia política concedida pela constituição espanhola plebiscitada em Dezembro de 1978), a crítica literária galega reduz o conjunto de elementos integráveis na rede de relações que chamamos SLG entre 1974 e 1978 e exclui da delimitação e da análise do funcionamento deste sistema nesse período os repertórios (regras e materiais; também os eventualmente compartilhados com o SLE) relacionados com tomadas de posição como as que afirmam, por exemplo para o SLG de 1976, que «[I]a literatura gallega se produce del mismo modo que sus hablantes: de modo bilingüe» (Varela 1976: 115).

Assim mesmo, os défices apontados na aplicação de ferramentas metodológicas relacionais (abordados em referência ao critério chamado *sistémico*) e o facto de limitar as normas de repertório aos critérios identitário e estético não contribuí para contemplar nas análises deste sistema outras normas que funcionam no período em causa e que, polo mesmo, são imprescindíveis para compreendermos o funcionamento e o processo de construção sistémica. Referimo-nos, nomeadamente, à função legitimadora e hierarquizadora concedida à *tradição* polo conjunto dos grupos presentes no SLG entre o franquismo e a transição (já analisada para o caso daqueles mais centrais e institucionalizados em relação com o determinante campo da codificação linguística em Samartim 2005).

REFERÊNCIAS:

- ANDERSON, B.: *Comunidades imaginadas: Reflexiones sobre el origen y la difusión del nacionalismo*, Fondo de Cultura Económica: México, 2007 [1983].
- CAÑO, X. del: *Conversas con Alfredo Conde: xuízo, sentenza e condena*, Ir Indo, Vigo, 2009.
- CARBALLO CALERO, R.: *Historia da literatura galega contemporánea 1808-1936*, Galaxia: Vigo, 1981 [1963].
- CASAS, A.: “Xoán González-Millán: itinerarios teóricos”, in Helena González Fernández & María Xesús Lama (eds.), *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e outros pobos da Península*, Sada, Edicións do Castro, 2007 : 61-68.
- COCHÓN, I. & VILAVEDRA, D. (coord.): *Diccionario da literatura galega*, vol. 1 “Autores”, Galaxia: Vigo, 1995.

- CORDEIRO RUA, G. & Samartim, R. L.I., “O panorama editorial galego no fim do franquismo e na transiçom”, in Paz Romero Portilla & Manuel-Reyes García Hurtado (eds.), *El libro en perspectiva. Una aproximación interdisciplinaria*, Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións: Corunha, 2008: 161-189.
- DÍAZ-PLAJA, G.: *Literatura Gallega / Tesoro Breve de las Letras Hispánicas*, Editorial Magisterio Español: Madrid, 1974.
- EVEN-ZOHAR, I.: “Planificación cultural e resistencia na creación e supervivencia de entidades sociais”, *A Trabe de Ouro* IV (36), 1998: 481-489.
- EVEN-ZOHAR, I.: “Solucións anticuadas e a industria de ideas”, *Anuario de estudios literarios galegos*, 2002: 39-53.
- EVEN-ZOHAR, I.: *Papers in Culture Reseach*, Tel Aviv University: Tel Aviv, 2005.
- GONZÁLEZ IZQUIERDO, R.: *Lecturas de nós. Introducción á literatura galega*, Edicións Xerais de Galicia: Vigo, 2000.
- GONZÁLEZ IZQUIERDO, R. et al (ed.): *Lingua e literatura galega. Bacharelato 2*, vol. 2, Xerais, Vigo, 2003.
- GONZÁLEZ IZQUIERDO, R.; Navaza, G. & Rodríguez, L.: *Literatura galega 3º BUP. Historia. Antoloxía de textos*, Xerais: Vigo, 1991.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “Unha Etnopoética para unha literatura periférica”, in Antonio Carreño (ed.), *Actas do Segundo Congreso de Estudios Galegos = Proceedings of the Second Galician Congress: homenaxe a José Amor y Vázquez (Brown University, novembro 10-12, 1988)*, Galaxia: Vigo, 1991: 339-347.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de traballo para un estudio institucional da literatura galega”, *Anuario de estudios literarios galegos*, 1994a: 67-81.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)*, Xerais: Vigo, 1994b.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: *A narrativa galega actual (1975-1984). Unha historia social*, Xerais, Vigo, 1996.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “O Criterio filolóxico e a configuración dunha literatura nacional: achegas a un novo marco de reflexión”, *Cadernos de lingua* 17, 1998: 5-24.
- GONZÁLEZ MILLÁN, Xoán: “Os problemas dunha lectura (poli)sistémica da literatura”, in Isabel Lozano Renieblas & Juan Carlos Mercado (eds.), *Silva. Studia Philologica in honorem Isaías Lerner*, Castalia: Madrid, 2001: 301-313.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “As imaxes emerxentes dunha cultura pública galega: dificultades e desafíos”, *Letras Peninsulares*, 2002: 249-268.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, X.: “Exilio, literatura e nación”, *Anuario de estudos literarios galegos*, 2003: 16-27.
- HOHENDAHL, P. H.: *Building a National Literature. The Case of Germany, 1830-1870*, Cornell University Press, Ithaca and London, 1989.
- JUSDANIS, G.: *Belated modernity and aesthetic culture: inventing national literature*, University of Minnesota Press: Minneapolis, 1991.
- KIBERD, D.: *Inventing Ireland*, Jonathan Cape: London, 1995.
- MOI, T.: *Sexual/ Textual Politics. Feminist Literary Theory*, Routledge, London, 2002 [1985].
- PIRES, Á: *Échantillonnage et recherche qualitative: essai théorique et méthodologique*, Gaëtan Morin: Montréal, 1997.
- RIBERA LLOPIS, J. M.: *Literaturas catalana, gallega y vasca*, Editorial Playor: Madrid (vol. 23 da colección “Lectura Crítica de la Literatura Española”), 1982.
- RODRÍGUEZ, F.: “Carácter da Literatura Galega: O exemplo da obra de Rosalia”, *Grial*

30, 1970: 455-462.

RODRÍGUEZ, F.: *Literatura galega contemporánea (problemas de método e interpretación)*, Edicións do Cumio: Vilboa, 1990.

RODRÍGUEZ, F.: “Definición, características e periodización da literatura galega”, in Alberte Ansedo Estraviz & Cesáreo Sánchez Iglesias (eds.), *Historia da Literatura Galega*, AS-PG / A Nosa Terra, Vigo, vol.1, 1996: 5-32.

RODRÍGUEZ, F. et al (1985), *A nosa literatura: unha interpretación para hoxe (II)*, vol. 2, Edicións Xistral, Lugo.

RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, M. X.: *‘Luzes de Galiza’ no Sistema Literário Galego (1985-1995)*, Memória de licenciatura orientada polo prof. Elías J. Torres Feijó, Facultade de Filología, USC, 1999.

SAMARTIM, R. L.I.: “Ideia de língua e vento português na Galiza do tardofranquismo: O caso de Galaxia”, *Agália* 83-84, 2005: 9-53.

SAMARTIM, R. L.I & CORDEIRO RUA, G.: “O Pensamento Cultural Galego em Referência a Portugal: Posição e Função de Ideias e Grupos no Tardofranquismo e na Transição”, in *O Pensamento Luso-Galaico-Brasileiro 1850-2000. Actas do I Congresso Internacional*, IN-CM, Lisboa, vol. 3, 2009: 171-196.

TARRÍO VARELA, A.: *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Xerais: Vigo, 1994.

TARRÍO VARELA, A.: “Literatura, nación y geografía: espacios culturales en la Galicia contemporánea (1840-1936)”, in Leonardo Romero Tobar (ed.), *Literatura y nación: la emergencia de las literaturas nacionales*, Prensas Universitarias de Zaragoza: Zaragoza, 2008: [245]-273.

TORRES FEIJÓ, E. J.: “Norma lingüística e intersistema cultural: o caso galego”, in Juan M. Carrasco González; M. Jesús Fernández García & M. Luísa Trindade Madeira Leal (eds.), *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera - 1er Encuentro de Lusitanistas Españoles*, Universidad de Extremadura: Cáceres, vol.2, 2000: 967-996.

TORRES FEIJÓ, E. J.: “Contributos sobre o obxecto de estudo e metodoloxía sistémica: Sistemas literarios e literaturas nacionais”, in Anxo Abuín & Anxo Tarrío (eds.), *Bases metodolóxicas pra unha historia comparada das literaturas da península ibérica*, USC: Santiago de Compostela, 2004: 423-444.

VAN REES, C.: “Advances in the Empirical Sociology of Literature and the Arts: The Institutional Approach”, *Poetics* 12, 1983: 285-310.

VAN REES, K. & DORLEIJN, G. J.: “The eighteenth-century literary field in Western Europe: The interdependence of material and symbolic production and consumption”, *Poetics* 28, 2001: 331-348.

VARELA, J.L.: “Introducción literaria”, in Ángel Cabo Alonso; José Filgueira Valverde; José Luis Varela & Manuel Chamoso Lamas, *Galicia*, Fundación Juan March / Noguer: Madrid / Barcelona, 1976.

VÁZQUEZ CUESTA, P.: “Literatura gallega”, in José María Díez Borque (ed.), *Historia de las literaturas hispánicas no castellanas*, Taurus: Madrid, 1980: 619-896.

VILAVEDRA, D.: *Historia da literatura galega*, Galaxia: Vigo, 1999.

VILLANUEVA PRIETO, D.: “Presentación”, in Darío Villanueva Prieto & Mercedes Brea (coords.), *Galicia. Literatura. La Edad Media*, Hércules Ed.: Corunha, vol. 30, 2000.